

A OV430 continúa este sábado o seu Ciclo de Outono con 'Contos de fadas'

- O Ensemble Vigo 430 protagonizará o penúltimo concerto do ciclo este sábado 13 no Auditorio Martín Códax
- Contará coa prestixiosa solista Sindy Mohamed á viola
- A entrada será gratuita mediante reserva, que pode formalizarse en reservas@vigo430.com ata completar aforo
- Grazas á colaboración establecida con Tolemias, o concerto poderá seguirse en streaming

Este sábado 13 de novembro chega a penúltima oportunidade para gozar do Ciclo de Outono da Orquesta Vigo 430. Este terceiro concerto do ciclo servirá para presentar o programa 'Contos de fadas', no que se interpretarán tres obras mestras produto da madurez compositiva de tres grandes xenios, **Brahms, Schumann e Mozart**.

O **Ensemble Vigo 430**, acompañará á prestixiosa **violista** exipcia **Sindy Mohamed como solista**, e as persoas asistentes poderán gozar dun completo repertorio conformado pola Sonata op. 120 nº1 en fa menor para viola e piano de Brahms, 'Märchenerzählungen' -Contos de fadas- op.132 para clarinete, viola e piano de Robert Schumann, e Quinteto en sol menor K.516, de Mozart.

A cita terá lugar este sábado 13, **a partir das 20:00 horas**, no Auditorio Martín Códax do **Conservatorio Superior de Música de Vigo**. A entrada ao concerto será gratuíta, pero será **necesaria reserva**. A mesma pode formalizarse en reservas@vigo430.com, ata completar aforo.

Para quenes non poidan facerse cunha localidade ou achegarse ao concerto, a OV430 estableceu un acordo de colaboración coa plataforma 'Tolemias', e o concerto **podrá seguirse en streaming**. Toda a información está dispoñible en www.vigo430.com.

Tras o concerto programado para este sábado, o Ciclo de Outono 2021 -posible grazas ao apoio da Concellería de Cultura do Concello de Vigo- tocará ao seu fin co **concerto máis especial**. O será tanto polo seu contido como pola súa dedicatoria, a **Ana Novoa**, quen foi xerente da orquestra durante máis de dez anos, nos que o proxecto orquestral da Vigo 430 experimentou, grazas ao seu incansable traballo, un crecemento exponencial.

Este espectacular último concerto do ciclo terá lugar o **15 de decembro** e nel interpretarase a obra de Cuchus Pimentel “Almudaina”, interpretada polo propio compositor e guitarrista xunto a Jorge Castañeda, ademais dunha selección de soadas bandas sonoras de John Williams e Ennio Morricone. Todo iso será baixo a batuta da directora asociada da orquestra Isabel Rubio (Auditorio Municipal do Concello ás 20:00 h).